

Estimadas familias,

Que tal estades? Espero que moi moi ben, con forza e sobre todo co ánimo arriba.


Esta semana traballaremos cos **nomes dos nenos e nenas** empregando obxectos cotiás que todos e todas temos na casa: rotuladores, paos, bastanciños dos oídos, espaguetes... practicamente calquera cousa nos pode servir.

Sei que os vosos fillos e fillas escriben de marabilla o seu nome pero o que buscamos, con esta actividade, é que o constrúan unindo diferentes materias, para o que se require unha gran concentración e moita paciencia. Eu o fixen na miña casa empregando primeiro rotuladores e despois palliñas cortadas.



Os nenos e nenas só teñen que construír o seu nome unha vez, escollendo os obxectos que máis os motiven ou cos que se sintan máis cómodos traballando. A seguinte parte da tarefa, que tamén debes reenviar ao meu correo, é a elaboración desta figura.





Poden facela con palillos, tal como se ve na imaxe, ou con calquera outra cousa que queiran. O que importa é a **posición do corpo** e con respecto a cabeza dicirvos que non precisades ese tapón para facela, nin moito menos. Podedes usar botóns ou mesmo debuxar un círculo nun folio.

Un abrazo moi forte,

Antía.

MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE

Bo día peques! Que tal foi esta semana? Espero que moi ben, preparados para unha nova semana de xogos e actividades?

- O primeiro que temos é un dos vosos xogos favoritos de psicomotricidade, as tarxetas de acción. Deixovos algunhas a continuación. A dinámica desta actividade é lerlles as tarxetas e que realicen o movemento ou acción que sinalan os animais.
- Quizáis agora nos atopamos un pouco máis nerviosos e precisamos relaxarnos un pouco, que tal se despois do tempinho de xogo facemos un pouco de yoga? Como ao final da clase no ximnasio cando facemos “gato feliz-gato enfadado” e “os gusanos que asómanse a ver se está todo despexado ou se esconden se ven perigo”, lembrades? Para axudarvos un pouco deixovos un vídeo. <https://www.youtube.com/watch?v=MI1S5rM0ou0>

E o reto da semana? SORPRESA! Esta semana seredes vós mesmos os que inventen un reto con papel hixiénico, poñede a voar a vosa imaxinación e quizáis nas próximas semanas serán as vosas ideas as que a profe protagonice para os próximos retos. Estou segura de que serán estupendos!

Moito ánimo e moitos bicos!

